

## VIVE O NADAL 2023

# ACTIVIDADES MATINAIS DE NADAL NOS CENTROS SOCIOCULTURAIS

**A Rede de Centros Socioculturais**, un ano máis, ofrece unha proposta de actividades lúdico-educativas durante a tempada de Nadal dentro do programa **Vive o Nadal 2023**

As actividades están destinadas a nenas e nenos **empadroados no Concello de Santiago**. Terán lugar durante os días 22, 26, 27, 28, 29 de decembro e o 2, 3, 4 e 5 de xaneiro en horario de 10 a 14 h, con posibilidade de solicitar horario ampliado de 8 a 15 h.

Ofértanse un total de **210 prazas** en diferentes localizacións de espazos municipais.

**O programa de actividades é gratuito** de carácter educativo, lúdico e convivencial. Traballaremos temáticas concretas en cada centro sociocultural.

Proxectos: **Un Nadal de xogos, Cada día un Nadal** e **Pequenos artistas do Nadal**;

Levados a cabo persoal especializado en educación, animación e actividades de tempo libre.

Para que as actividades se desenvolvan ten que haber un **mínimo de 50% de persoas anotadas en cada espazo**.

## LOCALIZACIÓNS

### **CSC URBANOS**

#### ***CSC de Vite “Un Nadal de xogos”***

Idades: 4 a 8 anos-Prazas: 20

Teléfono:981542490

#### ***CSC das Fontiñas “Cada día un Nadal”***

Idades: 5 a 10 anos-Prazas: 20

Teléfono: 981528750

#### ***CSC de Santa Marta- “Pequenos artistas de Nadal”***

Idades: 4 a 8 anos-Prazas: 25

Teléfono: 981543017

***CSC de Conxo “Un Nadal de xogos”***

Idades: 5 a 12 anos-Prazas: 20

Teléfono: 981528740

***CSC de Pontepedriña- “Cada día un Nadal”***

Idades: 5 a 12 anos-Prazas: 15

Teléfono: 699547105

***Csc de Castiñeiriño “Cada día un Nadal “***

5 a 12 anos-Prazas:10

Teléfono: 981 542459

***CSC DO RURAL***

***CSC da Gracia “Cada día un Nadal”***

Idades: **Nados entre 2010 e 2019**-Prazas: 25

Teléfono: 981 542350

***CSC de Figueiras- “Un Nadal de xogos”***

Idades: **Nados entre 2010 e 2019**-Prazas: 25

Teléfono: 981 542350

***CSC de Marrozos “Un Nadal de xogos”***

Idades: **Nados entre 2010 e 2019**-Prazas: 25

Teléfono: 981 542350

***CSC de Bando-“Un Nadal de xogos”***

Idades: **Nados entre 2010 e 2019**-Prazas: 25

Teléfono: 981 542350

## PROCEDIMIENTO PARA PARTICIPAR

Preinscripción do 13 de novembro ás 00.00h ao 27 de novembro ás 23.59h

- presencialmente entregando a ficha de preinscripción CC002 que se poderá descargar na paxina web do concello, [www.santiagodecompostela.gal](http://www.santiagodecompostela.gal)
- na sede electrónica do Concello de Santiago (por favor, indique claramente o nome do CSC onde desexa participar no apartado de INFORMACIÓN ADICIONAL)

Publicación das persoas solicitantes e prazo de reclamación de erros do 30 de novembro pola tarde ata 1 de decembro ás 14h .

Sorteo público, se procede, o día 4 de decembro ás 12 h no CSC de Santa Marta a cargo de dúas persoas responsables municipais designadas polo departamento.

Admitidos:

Publicación de listas de persoas admitidas e entrega documentación (ANEXO I + tarxeta sanitaria) das familias admitidas: desde o 11 ata o 19 de decembro

De quedar vacantes tras o sorteo, poderase abrir un novo prazo de inscrición

### **CONDICIÓN DE PARTICIPACIÓN**

Empadroados no Concello de Santiago.

Ter a idade requirida cumprida no momento de comezo da actividade.

Soamente se poderá solicitar un CSC por persoa participante, de non ser así poderá quedar excluído de todas.

É obriga da persoa adxudicataria da praza respectar as normas establecidas pola organización relativas aos horarios, ás actividades e ao uso das instalacións.

Actividade de balde